



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

CONCELLO DA LARACHA

SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 30 DE SETEMBRO DO ANO 2016

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as 13 horas e 33 minutos do día 30 de setembro do ano 2016, baixo a Presidencia do sr. Alcalde e coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, reúnese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este día.

PRESIDENTE

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

CONCELLEIROS

Grupo político municipal P.P.

JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO

JESÚS SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA

ALBERTO FUENTES PREGO

PATRICIA M^a. BELLO CANEDO

MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOLÓN

ANA BELÉN RODRÍGUEZ VILAS

Grupo político municipal B.N.G.

XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

ELADIO VERDÍA GARCÍA (Incorpórase á sesión ás 13 horas e 36 minutos)

JUAN CAAMAÑO REGUEIRA

Grupo político municipal Mixto

ANTONIO ANTELO AÑON

Asiste como secretario, o secretario da Corporación, Miguel Iglesias Martínez, que da fe do acto.

Asiste a interventora da Corporación, Rut Presas Pardo.

A continuación o sr. alcalde anuncia que procederán a gardar un minuto de silencio, segundo ven sendo costume, en repulsa a toda violencia ás mulleres vítimas de violencia de xénero, indicando o sr. alcalde que no que vai de ano 2016 son 32 as vítimas e 6 en investigación.

A continuación procédese ao exame dos asuntos comprendidos na **ORDE DO DÍA.**

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

O sr. alcalde pregunta si existe algún reparo ou obxección que formular á acta da sesión extraordinaria do 27 de agosto de 2016.

Non sendo formulada ningunha obxección, a acta é sometida a votación, quedando ***aprobada por unanimidade dos membros presentes.***

2.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DE EXERCICIO ECONÓMICO 2015.-

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

O secretario da conta do expediente tramitado en relación coa Conta Xeral do Exercicio 2015, que recibiu ditame favorable da Comisión Informativa de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas en sesión celebrada o día 22 de xullo de 2016 e que é do seguinte tenor literal:

“Cumprindo o ordenado polo sr. Alcalde-Presidente da Corporación, de acordo co sinalado no artigo 212.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a Comisión Informativa de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, examina a Conta Xeral desta Entidade correspondente ao exercicio de 2015, con tódolos documentos que a xustifican a que se refiren as Regras 44 e 51 da Instrución do modelo normal de contabilidade local, aprobada pola Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro.

Consta no expediente o preceptivo informe da Intervención e a documentación coas Contas e Estados a que fai referencia o art. 209.2 do citado Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

*Visto o informe do interventor da Corporación, o asunto é sometido a votación, resultando que a Comisión Informativa de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas **INFORMA FAVORABLEMENTE** a referida Conta Xeral desta Entidade correspondente ó exercicio 2015, favorablemente **por cinco (5) votos a favor correspondentes aos concelleiros do grupo municipal do P.P., e tres (3) abstencións correspondente ao concelleiros dos grupos políticos municipais do B.N.G., dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto.***

Transcorridos os prazos legais de información pública (15 días e 8 máis), a Comisión Informativa de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas voltará a reunirse ao efecto de resolve-las alegacións que puideran presentarse.

Noutro caso, someterase a Conta Xeral directamente ao Pleno da Corporación, propoñendo a aprobación da mesma.

Noutro caso, someterase a Conta Xeral directamente ao Pleno da Corporación, propoñendo a aprobación da mesma.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).”



Documento firmado digitalmente. CVD: 6dEsvy7s6H7om0CKeZoD
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES
El documento consta de un total de:19 página/s. Página 3 de 19.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Non obstante o Pleno da Corporación acordará o que estime máis conveniente”.

A mencionada Conta Xeral estivo exposta ao público durante o prazo legalmente previsto, mediante edicto publicado no B.O.P. nº 143 de data 29 de xullo de 2016, e segundo consta na certificación expedida pola secretaría, non se produciu reclamación nin alegación de ningún tipo.

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do BNG sinala que como sempre farán unha valoración política sen entrar na parte técnica que non dúbida que estará ben.

Neste momento sendo as 13 horas e 36 minutos incorpórase á sesión Eladio Verdía García, concelleiro do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE.

Continúa o sr. Sande dicindo que: da partida orzamentada para subvencións a entidades culturais e deportivas gastouse o 46% e logo exclúen ás asociacións veciñais; da destinada a formación profesional gastáronse 0 euros, o que é recorrente nos orzamentos, mentres que en atencións protocolarias gastaron 10000 euros máis dos orzamentados e en xurídicos un 800% sobre o orzamentado, o que ao seu xuízo amosa falta diálogo e cousas feitas por imposición; 6000 euros máis dos orzamentados en retribucións a órganos de goberno, sumando o custo do goberno máis os asesores 307314,73 euros, un 3,8% do total do orzamento e un 18% dos gastos de persoal, sumando os gastos do capítulo IV apenas sete décimas máis que o que gastaron en órganos de goberno e asesores. Alude o sr. Sande a que a conta xeral amosa que gastaron 1221 euros en aportacións a grupos políticos con cargo á partida 920 480914, o que hai anos que se suprimiu, ou que cando menos o seu grupo hai anos que non recibe.

Comeza neste momento unha breve discusión que remata manifestando o sr. Sande que votarán en contra da conta xeral polos motivos expostos.

O sr. Alcalde contesta que poden coller as acta de tres ou catro anos e que a avaliación é a mesma, ao que o sr. Sande rebate que é porque a execución segue sendo a mesma.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Continúa o sr. Alcalde instando ao sr. Sande a ser un pouco máis serios no análise dos costes e engade que a conta xeral é un documento que recolle ingresos, gastos e remanentes do exercicio 2015, resultando que dos 7053000 euros do orzamento inicial, executáronse 8387000 euros, cuns investimentos reais do 30% en momentos de crise económica e tendo en conta o capítulo II dos gastos de mantemento de instalacións repartidas polo concello.

Engade o sr. Alcalde que o remanente de tesourería, do que de momento non podemos dispoñer, ascende a 1529000 euros.

A continuación rebate os argumentos do sr. Sande:

- En canto a atencións protocolarias significa que tamén hai moito volume de actividade, tanto propias como en colaboración con entidades culturais, deportivas, lúdicas, trofeos, detalles para os que casan no concello, etc... polo que o gasto non é desproporcionado á vista do volume de actividade que hai.
- En relación coa publicidade e propaganda o gasto ascendeu a 9284 euros, para programas de promoción e difusión do concello, festas, especiais nos medios de comunicación locais, festas de interese turístico. Pon o sr. Alcalde como exemplo unha revista de hostalaría na que un anuncio de FITUR son case 3000 euros, e na que hai concellos da zona.
- En relación a publicacións en diarios oficiais cun gasto de 3368 euros, son para os anuncios de contratación de persoal e obras.
- En canto ás asociacións de veciños, todos os anos falan disto, e as bases de convocatoria das subvencións sinalan como beneficiarios a entidades culturais e deportivas a todos os niveis e non ás asociacións veciñais, e engade que ademais atenden todas as solicitudes, seguindo o criterio de que canta máis actividade maior é a subvención outorgada.
- No que se refire a gastos xurídicos, manifesta que o concello ten que defenderse dos pleitos que lles poñen, algún aínda o puxo o sr. Sande, e ata agora vanse gañando contenciosos, pero hai gastos xurídicos e hai que afrontalos.

Ao anterior o sr. Sande convida o sr. Alcalde a que diga que denuncia puxo el ao concello,





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

recriminándolle que minta.

- Continúa o sr. Alcalde referíndose aos gastos de formación de persoal, afirmando que non se nega ningún curso a ningún traballador do concello, pero hai plan de formación da Deputación e o programa da EGAP que son gratuítos.
- En canto á retribución dos políticos, están no orzamento inicialmente aprobado máis o aumento débese ás asistencias aos órganos de goberno.
- En canto á aportación a grupos políticos di que non os hai aínda que se a economía o permitira os habería coma no 95% dos concellos.

Sinala tamén o sr. Alcalde que a conta xeral non contempla ningún reparo e que no trámite de información pública non se presentou ningunha alegación ao que o sr. Sande contesta que podería ter aforrado por exemplo nos seguros ao que o sr. Alcalde responde que o contrato con Helvetia rematou, iniciouse un concurso e no momento de presentar ofertas advertiuse que moitas aseguradoras non se ían presentar porque non podía ofertar a todo, poñendo de manifesto que era mellor licitalo por lotes, motivo polo que se anulou o anterior procedemento e se está a redactar o prego para catro lotes para conseguir maior aforro e mentres, pedíronse prezos e fixéronse coa compañía que ofertou mellor prezo e mellores coberturas, porque os seguros fanse cunha empresa e non con ninguén en particular, e cando saía o concurso presentáranse todas as que queran.

A continuación, a aprobación da Conta Xeral é sometida a votación, resultando que o Pleno da Corporación, **por doce (12) votos a favor correspondentes aos concelleiros do grupo político municipal do P.P, tres (3) abstencións dos concelleiros dos grupos políticos municipais dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto e dous (2) en contra correspondentes aos concelleiros do grupo político municipal do B.N.G., acorda prestarlle aprobación á Conta Xeral do exercicio 2015.**

3.- MODIFICACIÓN DA BASE Nº 20 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO PARA O ANO 2016.-

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

O secretario da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o día 26 de setembro de 2016, en relación co presente asunto, onde se deu conta do expediente formado en relación co asunto do epígrafe sinalando que a proposta da Alcaldía manifesta:

“Esta alcaldía propón ao Pleno do Concello a modificación da Base de Execución número 20ª das aprobadas xunto co Orzamento Xeral para o ano 2016, no relativo ás subvencións consignadas no Estado de Gastos do mesmo, nos seguintes aspectos:

1.- *Incluír unha nova subvención nominativa ao Club de Baloncesto de Escolas Deportivas de A Laracha con CIF G15108772 por importe de 7000,00 euros para o fomento do baloncesto.*

2.- *Autorizar o gasto na partida 327/48000 por importe de 7000,00 euros para o abono da subvención unha vez xustificada o gasto por parte do Club”.*

O sr. Alcalde explica que as escolas deportivas son municipais e que hai unha subvención nominativa ao Laracha para a súa xestión, participando o anos pasado 105 nenos e nenas cunha participación moi alta de ámbolos dous sexos.

O asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, adopta, **por unanimidade dos membros presentes**, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Base de Execución número 20ª das aprobadas xunto co Orzamento Xeral para o ano 2016, no relativo ás subvencións consignadas no Estado de Gastos do mesmo, consistentes na inclusión da seguinte subvención nominativa non prevista inicialmente:

- Subvención nominativa á Club de Baloncesto de Escolas Deportivas de A Laracha con CIF G15108772 para o fomento do baloncesto: 7000,00 euros.





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

SEGUNDO.- Someter a información pública polo prazo de 15 días hábiles a modificación mediante a publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación.

TERCEIRO.- Aprobar con carácter definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario, a referida modificación se non se presentasen reclamacións durante o período de exposición pública.

CUARTO.- Publicar un resumo do Orzamento a nivel de capítulos, unha vez aprobada a modificación da base de execución, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, con ofrecemento dos recursos que en Dereito procedan.

QUINTO.- Remitir copia do expediente á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Neste momento sendo as 14 horas sae co concelleiro do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, Eladio Verdía García.

4.- EXPEDIENTE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 11/2016.-

O secretario da lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas en relación co presente asunto, onde se deu conta do expediente formado de transferencia de crédito 11/2016 sinalando que na proposta da Alcaldía estímase procedente tramitar o correspondente expediente coa seguinte xustificación, finalidade e contía:

“En relación co expediente relativo á transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, en cumprimento da providencia da Alcaldía do día 20.09.2016 emito a seguinte proposta ao Pleno Municipal, de acordo co establecido no artigo 175 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con base nos seguintes:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).”





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

ANTECEDENTES DO FEITO

PRIMEIRO. *Ante a existencia de gastos que non se poden demorar ata o seguinte exercicio, para os que o crédito consignado no vixente orzamento da corporación é insuficiente e non ampliable, e xa que cabe efectuar transferencias de créditos doutras aplicacións do orzamento vixente non comprometidas pertencentes a aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal.*

SEGUNDO. *Visto o informe de Intervención sobre a lexislación aplicable e o procedemento que se debía seguir e a memoria da Alcaldía de datas 20.09.2016.*

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Os artigos 179 e 180 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Os artigos 40 a 42 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos.
- Os artigos 22.2.e) e 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- A Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.
- A Resolución do 14 de setembro de 2009, da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais, pola que se ditan medidas para o desenvolvemento da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Visto o que antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e, por iso, de acordo co disposto no artigo 175 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o que



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es*subscribe trasladada a seguinte***PROPOSTA AO PLENO**

PRIMEIRO. Que se aprrobe o expediente de modificación de créditos núm. 11/2016, na modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinto área de gasto, de acordo co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
231	22706	Estudios e traballo técnicos Servizos sociais	10000,00
323	21200	Mantemento e conservación de edificios/centro infantil e primaria	3313,46
323	21300	Conservación	1500,00
323	22100	Enerxía eléctrica	1499,19
334	22300	Transporte Francia	3880,69
334	22609	Actividades culturais	8075,13
334	22100	Enerxía eléctrica promoción cultura	392,23
342	21200	Mantemento instalacións eléctricas	1816,42
342	22100	Enerxía eléctrica	3417,19
342	22102	Gas	719,69
342	22602	Publicidade e propaganda	96,80
342	22699	Gastos diversos	1525,00
TOTAL			36.235,80

Baixa en aplicacións de gastos

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
151	60000	Investimentos en terreos	36235,80
		TOTAL GASTOS	36235,80

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no taboleiro de

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante ese prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas”.

Durante a lectura, sendo as 14 horas e 1 minutos reincorpórase á sesión Eladio Verdía García, concelleiro do grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE.

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do BNG, di que se absterán porque hai aplicacións xenéricas, non especificadas.

O sr. Alcalde explica que os 10000 euros á aplicación orzamentaria 231 22706 son para o pago do servizo de axuda no fogar do mes de decembro porque o último mes do ano normalmente vai a recoñecemento extraxudicial no ano seguinte, polo que se pretende que os gastos de cada exercicio sexan imputados formalmente ao exercicio correspondente.

Visto o informe da interventora, o asunto é sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, adopta, **por doce (12) votos a favor dos concelleiros do grupo político municipal do PP e cinco (5) abstencións correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG, dos Socialistas de Galicia-PSOE e Mixto**, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de modificación de créditos núm. 8/2016, na modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distinto área de gasto, de acordo co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

	Aplicación orzamentaria	Descrición	Euros
		Estudios e traballo técnicos	
	231 22706	Servizos sociais	10000,00
	323 21200	Mantemento e conservación de	3313,46

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).”



Documento firmado digitalmente. CVD: 6dEsvy7s6H7om0CKeZOd
CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES
CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES
El documento consta de un total de:19 página/s. Página 11 de 19.

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

		edificios/centro infantil e primaria	
323	21300	Conservación	1500,00
323	22100	Enerxía eléctrica	1499,19
334	22300	Transporte Francia	3880,69
334	22609	Actividades culturais	8075,13
334	22100	Enerxía eléctrica promoción cultura	392,23
342	21200	Mantemento instalacións eléctricas	1816,42
342	22100	Enerxía eléctrica	3417,19
342	22102	Gas	719,69
342	22602	Publicidade e propaganda	96,80
342	22699	Gastos diversos	1525,00
TOTAL			36.235,80

Baixa en aplicacións de gastos

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
151	60000	Investimentos en terreos	36235,80
TOTAL GASTOS			36235,80

SEGUNDO.- Expoñer este expediente ao público mediante un anuncio inserido no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

TERCEIRO.- Aprobar con carácter definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario o referido expediente, se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o período de exposición pública, en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo de un mes para resolvelas.

CUARTO.- Publicar un resumo do Orzamento a nivel de capítulos, unha vez aprobada a modificación de créditos, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, con ofrecemento dos recursos que en Dereito procedan.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)."



Documento firmado digitalmente. CVD: 6dEsvy7s6H7om0CKeZOd
 CN="IGLESIAS MARTINEZ MIGUEL - DNI 34897065Q", GIVENNAME=MIGUEL, SURNAME="IGLESIAS MARTINEZ", SERIALNUMBER=34897065Q, OU=certificado electrónico de empl
 CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES
 CN=NOMBRE LOPEZ VARELA JOSE MANUEL - NIF 76351871J, OU=500010025, OU=FNMT Clase 2 CA, O=FNMT, C=ES
 El documento consta de un total de:19 página/s. Página 12 de 19.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

QUINTO.- Remitir copia do expediente á Administración do Estado, así como á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.

5.- ADDENDA PARA MODIFICACIÓN DO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE DE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS.-

Neste momento sendo as 14 horas e 4 minutos abandona o salón de sesións o concelleiro do grupo político municipal do PP, Jesús Souto Pena, reincorporándose durante a exposición do asunto ás 14 horas e 5 minutos.

De conformidade co establecido no artigo 82.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e co artigo 212.1 da Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, **o Pleno da Corporación acorda por unanimidade ratificar a inclusión do asunto na orde do día** en tanto que non foi previamente ditaminado pola Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, xa que o documento da addenda foi remitido ao secretario o 23 de setembro, sen prazo para convocar a comisión informativa correspondente e sinalando o texto da addenda a necesidade de aprobalo antes do 6 de outubro de 2016 esixe que se someta ao Pleno á maior brevidade, pois doutro xeito habería que convocar un Pleno extraordinario.

Explica o secretario que o convenio pretende establecer os mecanismos para dar cumprimento ao Real Decreto 110/2015, do 20 de febreiro, de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos, que prevé na súa disposición transitoria segunda a adaptación, mediante un plan das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais cun prazo máximo de 5 anos, das instalacións de recollida das entidades locais (os puntos limpos en funcionamento cando o prevea a Ordenanza local reguladora do servizo –artigo 8 do Regulamento municipal –BOP nº 66 do 08/04/2013-) dotándoos do equipamento necesario para a recollida e clasificación de Residuos de Aparellos Eléctricos e Electrónicos –RAEE-, tendo acordado o Pleno da Corporación en sesión

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.alaracha.es> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).”





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

do 27 de abril de 2016 o seguinte:

“PRIMEIRO.- Solicita-la adhesión ao Convenio Marco de colaboración entre a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Federación Galega de Municipios e Provincias en materia de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, asinado o 30 de marzo de 2016, co fin de dotar ao punto limpo de titularidade municipal do equipamento necesario, de entre o comprendido no obxecto do convenio, para a recollida e clasificación de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos –RAEE-.

SEGUNDO.- Remitir, de conformidade coa cláusula sexta do convenio marco de colaboración, o certificado do presente acordo e o documento de adhesión recollido como anexo I do Convenio Marco”.

O pasado venres a FEGAMP remitiu a addenda para a modificación do convenio marco de colaboración entre a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Federación Galega de Municipios e Provincias en materia de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, asinado o 30 de marzo de 2016, co fin de dotar ao punto limpo de titularidade municipal do equipamento necesario, de entre o comprendido no obxecto do convenio, para a recollida e clasificación de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, asinado o 6 de setembro, ampliando o obxecto do convenio, ampliando a dotación orzamentaria e reaxustando a anualidade 2016, abrir o ámbito subxectivo do convenio a todas as entidades locais titulares de puntos limpos construídos pola Xunta de Galicia e abrindo un novo prazo para a presentación de solicitudes.

O asunto é sometido a votación, resultando que sometido a votación, resultando que o Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno adopta, **por unanimidade dos membros presentes**, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Solicitar a adhesión ao Convenio Marco de colaboración entre a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Federación Galega de Municipios e Provincias en materia de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, asinado o 30 de marzo de 2016, co fin de dotar ao punto limpo de titularidade municipal do





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

equipamento necesario, de entre o comprendido no obxecto do convenio, para a recollida e clasificación de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos –RAEE- coa modificación introducida pola Addenda para a modificación do convenio marco de colaboración asinado o 6 de setembro de 2016, co seguinte contido:

- Modificar o expositivo sétimo do Convenio Marco de colaboración ao que se adheriu este concello mediante acordo do Pleno do 27 de abril de 2016, e que queda redatado do seguinte xeito:

“Sétimo.- Que o cumprimento da citada disposición transitoria segunda do Real Decreto 110/2015, esixe que sexan acometidas actuacións de adaptación naqueles puntos limpos construídos pola Xunta de Galicia”.

- Modificar a cláusula I do Convenio Marco, que queda redactada do seguinte xeito:

I. OBXECTO E ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

a) Obxecto

Este convenio ten por obxecto dotar aos puntos limpos de titularidade municipal e supra-municipal de Galicia do equipamento que, para a recollida e clasificación de RAEE, sexa necesario para contribuír a adaptar os puntos limpos aos requisitos do Real Decreto 110/2015.

b) Orzamento estimado

O Orzamento estimado do investimento ascende á cifra de 1748268,50 euros, IVE incluído. Aos efectos orzamentarios, as anualidades do investimento previsto son:

Anualidade	Orzamento	IVE	Total	Financiamento
2016	65000,00	13650,00	78650,00	80% FEDER 2014-2020
2017	1379850,00	289768,50	1669618,50	
Total			1748268,50	

As anteriores previsións da programación económica poderán ser revisadas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio durante o desenvolvemento da actuación, dando





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

coñecemento dos cambios, á Comisión de Seguimento previsto na Cláusula VII.

Os compromisos de carácter económico determinaranse sobre a base do custe real da actuación de conformidade coa Cláusula V deste Convenio. O importe total do investimento dependerá dos custos incorridos pola Consellería.

- Modificar o punto 1 da cláusula III do Convenio Marco, que queda redactada do seguinte xeito:
 1. *Para a execución dos compromisos asumidos pola Comunidade Autónoma de Galicia, reservarse con cargo á aplicación orzamentaria 07 03 541D 623.1 a cantidade de un millón setecentos corenta e oito mil douscentos sesenta e oito euros, con cincuenta céntimos 1748268,50 euros coa seguinte distribución anual:*
 - *Anualidade 2016: 78650,00 euros*
 - *Anualidade 2017: 1669618,50 euros*

- Modificar o punto 1 da cláusula VI do Convenio Marco, que queda redactada do seguinte xeito:
 1. *Poderán solicitar a adhesión ao presente convenio as entidades locais que dispoñan de punto limpo de titularidade municipal ou supra-municipal construído pola Xunta de Galicia, sempre que, antes do 31 de decembro de 2016, estean en disposición de reunir as seguintes características:*
 - a. *Estean autorizadas para a xestión do punto limpo, ou en trámite de obter a pertinente autorización. No caso de que a entidade local optara por externalizar a xestión do punto limpo, a adxudicataria do servizo deberá contar coa pertinente autorización de xestión.*
 - b. *Estean adheridos ao Convenio Marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas de Galicia e as Entidades Xestoras dos Sistemas Colectivos de Responsabilidade Ampliada do Produtor de Residuos de Aparatos Eléctricos e Electrónicos, vixente.*





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

- c. *Non ter sido obxecto de sanción firme en vía administrativa por deficiencias na xestión do punto limpo no último ano, e en caso de selo, ter subsanado as deficiencias a consecuencia das cales se lle impuxo a sanción.*

SEGUNDO.- Remitir o certificado do presente acordo e o documento de adhesión recollido como anexo I do Convenio Marco.

6.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE 26/07/2016 A 25/09/2016.-

O secretario da Corporación procede a dar conta ao Pleno da Corporación de que desde a convocatoria da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do mes de xullo ata o pasado 25 de setembro de 2016 (día anterior á convocatoria da presente sesión plenaria), pola Alcaldía ditáronse as Resolucións nº 576/2016 a nº 735/2016, das que se remitiu relación detallada aos concelleiros aos efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno, quedando o Pleno da Corporación enterado das mesmas.

Engade o sr, alcalde que son 169 resolucións, un número atípico en período vacacional mais houbo bastante volume de traballo, sobre todo en persoal e contratación de obras.

7.- MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS.-

O sr. alcalde nesta parte da sesión ordinaria dedicada ao control dos órganos de goberno, pregunta si algún grupo desexa tratar algunha **MOCIÓN** polo procedemento de urxencia, , tomando a palabra o grupo político municipal do BNG, que presenta as seguintes MOCIÓNS:

1ª.- Nº REXISTRO 5368/2016.-

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do BNG, en relación co uso de animais en





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

espectáculos, nomeadamente os circos, solicita ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Instar ao goberno da Xunta de Galicia a modificar a actual lexislación que permite a tenza e emprego de animais en espectáculos públicos.

O sr. alcalde manifesta que comparten parte do argumentario pero xa hai normativa, a Lei de protección animal, polo que é un tema que nos ven dado, en concreto houbo un circo con dous tigres e un elefante con todas as autorizacións polo que deberán ser os portavoces dos grupos políticos no parlamento quen someta este tema. Engade o sr. Alcalde en canto á posible actuación municipal que é distinto se o circo pretende instalarse en propiedade pública ou privada, pois para a pública o concello podería mediante ordenanza limitar pero non na privada, na que coa autorización da Xunta o concello só pode autorizar.

Remata o sr. Alcalde dicindo que é un tema de debate a nivel de Ministerio e Xunta ao que o sr. Sande responde que por iso plantexan instar ao que rebate o sr. Alcalde que habería que ir máis aló dun problema puntual de dous tigres e un elefante pois foi i único circo na Laracha con animais salvaxes.

Sometida a votación a urxencia da moción, obténdose o seguinte resultado: **doce (12) votos en contra dos concelleiros do grupo político municipal do PP, unha (1) abstención do concelleiro do grupo político municipal Mixto e catro (4) a favor dos concelleiros dos grupos políticos municipais do BNG e dos Socialistas de Galicia-PSOE**, quedando, en consecuencia, **desestimada a mesma**.

A continuación o grupo político municipal do BNG, formula a seguinte **PREGUNTA**:

1ª.- Nº REXISTRO 6029/2016.-

Xoán Manoel Sande Muñiz, portavoz do grupo político municipal do BNG, en relación coas denuncias do mal funcionamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil da Laracha da que tiveron coñecemento formula a seguinte pregunta: que formación ten o xefe da Agrupación e canto tempo levan ser facer eleccións? Estanse a respectar os estatutos? Ten coñecemento o goberno municipal dos uso dos





Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

vehículos da AVPC por parte de persoas alleas á mesma? Recibiuse no concello algunha instrucción da Dirección Xeral de Protección Civil respecto do funcionamento da AVPC? Adoptou ou ten previsto adoptar o goberno municipal algunha medida ao respecto?

O sr. alcalde contesta que están contentos e orgullosos dos voluntarios e da AVPC, porque son voluntarios e fan saídas a cantas actuacións lles chaman do 112 e do goberno municipal. Continúa dicindo que non ten máis que palabras de agradecemento e, porque unha soa persoa pon en entredito o funcionamento o sr. Sande o transcribe.

Di tamén o sr. alcalde que a AVPC está 365 días pendente e 24 horas ao día, asiste a accidentes de tráfico, está en coordinación coa Xunta e o concello para a retirada de niños de velutina, axuda a regular o aparcamento en zonas de festa e praia.

O sr. alcalde tamén agradece á Xunta de Galicia que dotara de medios á AVPC pero sobre todo agradece aos voluntarios que mesmo chaman ás catro da mañá por que hai un can ceibo e alí acoden.

Remata o sr. alcalde dicindo que a AVPC está aberta a calquera veciño que faga a solicitude e os cursos necesarios, e que o señor que fixo as denuncias só foi ao servizo de busca de Amador do Coto de Coiro, que desapareceu e por sorte está vivo, e logo só criticou ao resto de compañeiros pero non acudiu a máis chamadas, polo que insta ao sr. Sande a que non transcriba a opinión dunha parte porque a AVPC está a funcionar ben, e o máximo responsable é el e a partir de aí noméanse coordinadores e un xefe.

Finalmente, en relación ao comentado no punto número 2 da orde do día relativo á aprobación da conta xeral do exercicio económico 2015 en canto a 1221 euros reflectidos como aportacións a grupos políticos con cargo á partida 920 480914, aclara que é a cota anual da FEMP.

E non tendo mais asuntos que tratar, o sr. alcalde levanta a sesión sendo as 14 horas e 21 minutos, da que como secretario estendo a presente acta e dou fe da mesma, asinándoa dixitalmente xunto ao sr. alcalde.

